



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 6 DE MAIO DE 2021

Ás 10:10 horas do día 6 de maio de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 3 de maio, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
 D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
 D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
 D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 2 e 4)
 D. Fernando Vilaboa Pérez, vogal suplente da xefa da Unidade de Patrimonio Histórico (asiste aos puntos 5 e 6)
 D^a. Ruth María Gallego Santos, vogal suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 8, 9 e 10a)
 D. Gilberto Moldes Crespo, xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns (asiste aos puntos 9b e 10b)
 D^a. Pilar Carneiro Miniño, xefa do Servizo de Xuventude (asiste ao punto 11)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro en réxime de arrendamento (renting) dos dispositivos e consumibles de impresión así como o software asociado de xestión do parque (9.479-113)

A secretaria informa do licitador presentada neste procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con el. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:55	Páxina 1 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A44C-CFD8C3-245758-QTY7HC-VCQ3EK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a SOLITIUM NOROESTE, S.L.U. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro en réxime de arrendamento (renting) dos dispositivos e consumibles de impresión así como o software asociado de xestión do parque (9.479-113)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" do licitador admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento das zonas de interese patrimonial (10.075-307)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo conservador de Espazos Naturais de Patrimonio Histórico e o xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns o 3 de maio de 2021 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento das zonas de interese patrimonial (10.075-307)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	VIVEIROS ADOA, S.L.	133.772,80 €
2	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	143.852,03 €

Ambos os dous licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:55	Páxina 2 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A44C-CFD8C3-245758-QTY7HC-VCQ3EK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Asiste á apertura Da. Rebeca Platero López de Turiso, con DNI **.88.75*, en representación da Federación Galega da Construción.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na estrada da Balsa – Matamá" (645-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que o 15 de abril de 2021, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.

Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación, da que se deu traslado ao servizo xestor.

O 30 de abril de 2021 a enxeñeira de Camiños, FEDER Vigo Vertical e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento emitiron informe sobre a xustificación presentada no que conclúen que *"Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de Contratos do Sector Público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato"*.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión deste procedemento de OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliáveis mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na estrada da Balsa – Matamá" (645-441)

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 3 de maio de 2021 de valoración do sobre C *"proposición avaliábel mediante fórmula"* coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de limpeza e desinfección das áreas e elementos dos parques infantís, áreas biosaudables, pistas deportivas e instalacións de uso público ao aire libre no Concello de Vigo para o cumprimento do protocolo COVID-19 (48.804-446)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:55	Páxina 3 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A44C-CFD8C3-245758-QTY7HC-VCQ3EK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola adxunta e o xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns o 30 de abril de 2021 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construcción de beirarrúas na estrada da Balsa – Matamá" (645-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 18 de xaneiro de 2021, de non admitir neste procedemento a DESMACO, S.L.U. por ter presentado a documentación para emenda (DEUC) sen asinar.

Segundo.- Excluir deste procedemento a OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola enxeñeira de Camiños, FEDER Vigo Vertical e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 30 de abril de 2021.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construcción de beirarrúas na estrada da Balsa – Matamá" (645-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	93,51
2	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	91,78
3	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	89,97
4	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	88,44

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (B-94.097.268), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de limpeza e desinfección das áreas e elementos dos parques infantís, áreas biosaudables, pistas deportivas e instalacións de uso público ao aire libre no Concello de Vigo para o cumprimento do protocolo COVID-19 (48.804-446)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de limpeza e desinfección das áreas e elementos dos parques infantís, áreas biosaudables, pistas deportivas e instalacións de uso público ao aire libre no Concello de Vigo para o cumprimento do protocolo COVID-19 (48.804-446) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.	87,75
2	OTRAPLASA, S.L.	81,38
3	AGRONERGA, S.L.	72,70

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L. (B-94.106.663), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia:

- Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
- Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
- Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.
- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de organización, xestión e execución do programa de dinamización infantil (9.171-336)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:55	Páxina 5 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A44C-CFD8C3-245758-QTY7HC-VCQ3EK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de organización, xestión e execución do programa de dinamización infantil (9.171-336)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 12 de marzo de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"1º.- Autorizar o gasto de 132.000,00 euros para a contratación da PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL, que se imputará á partida presupostaria 3370.2279900 e a súa bolsa de vinculación,coa seguinte distribución presupostaria:

ANO	EUROS
2021	93.500,00 € euros
2022	38.500,00 euros

2º.- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do presente servizo polo Concello de Vigo, de data 1 de marzo de 2021, así como o prego de prescricións técnicas de 26 de febreiro de 2021

3º.- Acordar a apertura do procedemento de licitación para a selección de contratista na forma prevista na lexislación vixente, mediante a tramitación ordinaria".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 23 de abril de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación de data 8 de abril de 2021 de non admisión neste procedemento de MAREXADA, DEPORTE, LECER E CULTURA, S.L. por ter presentado a súa proposición unha vez rematado o prazo de presentación de ofertas (cláusula 15.1 do PCAP "A documentación presentárase dentro do prazo fixado no anuncio da licitación" e artigo 136 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:55	Páxina 6 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A44C-CFD8C3-245758-QTY7HC-VCQ3EK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de organización, xestión e execución do programa de dinamización infantil (9.171-336) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	SERVIPLUSTOTAL, S.L.	83,50 puntos
2	CLECE, S.A.	82,57 puntos
3	A BILLARDA, S.L.	82,45 puntos

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVIPLUSTOTAL, S.L. (B-70.019.294), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVIPLUSTOTAL, S.L., o día 23 de abril de 2021, que presenta a documentación requirida o 3 de maio, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 6 de maio de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SERVIPLUSTOTAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:55	Páxina 7 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A44C-CFD8C3-245758-QTY7HC-VCQ3EK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SERVIPLUSTOTAL, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 12 e 22 de abril de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 8 de abril de 2021 de non admitir neste procedemento a MAREXADA, DEPORTE, LECER E CULTURA, S.L. por ter presentado a súa proposición unha vez rematado o prazo de presentación de ofertas (cláusula 15.1 do PCAP "A documentación presentárase dentro do prazo fixado no anuncio da licitación" e artigo 136 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público).*
2. *Adxudicar a SERVIPLUSTOTAL, S.L. (B-70.019.294) o procedemento aberto para a contratación do servizo de organización, xestión e execución do programa de dinamización infantil (9.171-336) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do contrato é de 126.885,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 11.535,00 euros.*
 - b) *Comprométese á realización de 4 cursos (20h. cada curso) de formación para o persoal do servizo de acordo cos requisitos sinalados no apartado 7.B.2.1 do Anexo I -FEC- do PCAP.*
 - c) *Propón a realización de 5 actividades (5 en cada centro) especiais de animación infantil con espectáculo realizadas por persoal externo en ambos centros sen custe adicional para o Concello.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:55	Páxina 8 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A44C-CFD8C3-245758-QTY7HC-VCQ3EK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:55	Páxina 9 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A44C-CFD8C3-245758-QTY7HC-VCQ3EK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		